



**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.**

*Expediente nº: 2 /2001.*

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE:**

*Don Luis González Vázquez.*

**VOCALIS:**

*Don Manuel Martínez Garrido.*

*Don Emilio Sánchez Coto.*

*Don José Antonio Illán Torrón.*

**SECRETARIO:**

*Don Luis Quiroga Arnal.*

Na cidade de Lugo, a doce de decembro de dous mil un, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas (pequena) da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto no día da data o expediente número **2/2001** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "**SAN ROQUE e CORNAO**" no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, iniciado por acordo do Xurado coa data do **14 de decembro de 2000**, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 10 de xaneiro de 2001), iniciouse o expediente número **2/2001** (por instancia de **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ, presidenta da asociación de veciños da parroquia de RIBASALTAS**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data do 10 de xaneiro de 2001, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**TERCEIRO:** Coa data do 11 de xaneiro de 2001, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte «**SAN ROQUE e CORNAO**», non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

**CUARTO:** Coa data do 15 de xaneiro de 2001 (rexistro de saída número 4.425, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Coa data do 23 de xaneiro de 2001, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o monte «**SAN ROQUE e CORNAO**» tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún documento referente ó predio que se certifica.

**SEXTO:** Coa data do 19 de febreiro de 2001 (rexistro de saída número 23.039, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 19 de febreiro de 2001 (rexistro de saída número 23.045, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**OITAVO:** Coa data do 19 de febreiro de 2001 (registros de saída números 23.049 e 23.053, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **MONFORTE DE LEMOS** a iniciación do



expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

**NOVENO:** Coa data do 19 de febreiro de 2001 (rexistro de saída número 23.055, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle á solicitante da clasificación **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ**, con domicilio na parroquia de **RIBASALTAS** do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, a iniciación do expediente.

**DÉCIMO:** Coa data do 19 de febreiro de 2001 (rexistro de saída número 23.058, do día 20 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 6 de marzo de 2001, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (anotación letra A, predio 30.868, libro 299 do concello de Monforte de Lemos, folio 50, tomo 732 do arquivo).

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 27 de marzo de 2001, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número **61**, páxina **3.842**, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**SAN ROQUE e CORNAO**".

**DÉCIMO TERCEIRO:** Na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do 28 de marzo de 2001, figura o acordo seguinte: << **2º.-** Examinada a proposta de resolución correspondente ó monte "**DE VALVERDE**" (**expediente 10/2000**), escoitados os representantes da comunidade, que aportan nova documentación, e debido ás discrepancias que poden existir coa comunidade colindante da parroquia de **RIBASALTAS**, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA** prorroga-la tramitación do expediente, croquizar novamente o perímetro de ámbolos dous montes e remitir unha copia ás dúas comunidades implicadas, concedendo trámite de audiencia. >>

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 2 de maio de 2001 (rexistro de saída número 60.865, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO TERCEIRO**, xuntando á mesma os croquis dos

devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ** (solicitante da clasificación).

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data do 2 de maio de 2001 (registro de saída número 60.871, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO TERCEIRO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DON SEVERINO CORTIÑAS RODRÍGUEZ** elixido pola comunidade de veciños da parroquia de Valverde como vocal-representante no Xurado).

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data do 2 de maio de 2001 (registro de saída número 60.874, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO TERCEIRO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DON MAXIMINO ALFONSO RODRÍGUEZ VILA** (elixido pola comunidade de veciños da parroquia de Valverde como vocal-representante no Xurado).

**DÉCIMO SÉTIMO:** Coa data do 2 de maio de 2001 (registro de saída número 60.877, do día 4 do mesmo mes e ano), remitiuse certificación do acordo ó que se fai referencia no **ANTECEDENTE DE FEITO DÉCIMO TERCEIRO**, xuntando á mesma os croquis dos devanditos montes e concedendo trámite de audiencia a **DONA ISABEL PUENTE PÉREZ** (solicitante da clasificación do monte "DE VALVERDE").

**DÉCIMO OITAVO:** Coa data do 3 de maio de 2001 (registro de saída número 60.861, do día 4 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **RIBASALTAS**, no concello de **MONFORTE DE LEMOS**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "SAN ROQUE e CORNAO", (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO NOVENO:** Coa data do 9 de maio de 2001 (registro de entrada número 88.634), recibíuse certificación do concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días (desde o día 23 de febreiro ó 29 de marzo - ámbolos dous incluídos), e sen que se presentara ningunha reclamación contra o mesmo.





**VIXÉSIMO:** Coa data do 23 de maio de 2001 (registro de entrada número 278/2001), dentro do prazo concedido para o trámite de audiencia, recibíuse escrito asinado por **DONA HERMINIA CASANOVA LÓPEZ**, veciña da parroquia de **RIBASALTAS**, no que manifesta a súa total disconformidade coa nova croquización deste monte "**SAN ROQUE e CORNAO**" e do monte "**DE VALVERDE**" da parroquia de **VALVERDE**. Alega que esta planimetría foi realizada en base ó informe feito por persoal do Distrito de **MONFORTE DE LEMOS**, de acordo coas manifestacións dos veciños de **VALVERDE**, sen que os veciños de **RIBASALTAS** estiveran presentes para poder aporta-las súas probas ou simplemente para que foran escoitadas as dúas partes sobre o terreo. Solicita sexa anulada esta nova planimetría e se manteña a antiga dos expedientes de investigación previa (carpetas-ficha), que figuran nos dous expedientes de clasificación, e que reconece como válida.

**VIXÉSIMO PRIMEIRO:** Coa data do 18 de xullo de 2001, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **RIBASALTAS**, concello de **MONFORTE DE LEMOS**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

**DONA GUADALUPE GARCÍA RODRÍGUEZ.**

**DONA CARMEN PARDO MARTÍNEZ.**

**VIXÉSIMO SEGUNDO:** Coa data do 26 de novembro de 2001, recibíuse informe emitido polo Xefe da Área Técnica de Montes Veciñais, como consecuencia do estudio realizado sobre o terreo xunto cos representantes das comunidades dos montes "**DE VALVERDE**" e "**SAN ROQUE e CORNAO**", para tratar de solucionar-las discrepancias xurdidas entre os límites dos devanditos montes. Do mesmo conclúese que estes problemas afectan a unha zona concreta de 27,5 hectáreas, existindo outra extensión sobre a que non se plantexa problema algún, polo que as partes concorrentes rematan mostrando a súa conformidade á posibilidade de que se clasifiquen como veciñais en man común estas zonas non discutidas e que se abra un período de proba para acreditar documentalmente a posesión da área en conflito.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1º.-** O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte **«SAN ROQUE e CORNAO»** reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **«SAN ROQUE e CORNAO»**.  
Pertenza: veciños da parroquia de Ribasaltas.  
Concello: Monforte de Lemos.  
Superficie: 53 hectáreas.

**Estremas da parcela «SAN ROQUE» - 31,5 hectáreas:**

**Norte:** zona en litixio entre esta comunidade de **RIBASALTAS** maila comunidade de **VALVERDE**.  
**Leste:** monte veciñal en man común pertencente ós veciños da parroquia da **PARTE** (parcela **«SERRA DA PARTE»**), estrema seguindo divisoria de augas. **Sur e Oeste:** predios particulares da parroquia de **RIBASALTAS**.


**Estremas da parcela «CORNAO» - 21,5 hectáreas:**

**Norte e Oeste:** predios particulares da parroquia de **RIBASALTAS**. **Leste:** monte veciñal en man común pertencente ós veciños da parroquia da **PARTE** (parcela **«O CORNADO»**). **Sur:** monte veciñal en man común pertencente ós veciños da parroquia de **REIGADA** en convenio coa Administración Forestal.

**NOTA.-** A zona discutida referida no **ANTECEDENTE DE FEITO VIXÉSIMO SEGUNDO** queda sen clasificar mentres no se acredite a súa posesión.









Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

**CERTIFICO:**

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.12.2023**, figura o seguinte acordo:

**MVMC Moncaio, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga** (exp. 64/76), pertencente aos veciños da parroquia de Reigada (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado** (exp. 12/2000), pertencente aos veciños da parroquia da Parte (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncaio** (exp. 14/99), pertencente aos veciños da parroquia de Fornelas (A Pobra do Brollón); **MVMC San Roque e Cornao** (exp. 2/2001), pertencente aos veciños da parroquia de Ribasaltas (Monforte de Lemos).

O 29.9.2022 tivo entrada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo entre a comunidade de Reigada e as comunidades da Parte, Fornelas e Ribasaltas, en canto ás liñas que separan os seus montes veciñais.

Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 8.11.2023, o Servizo de Montes emitiu un informe **(2022\_217)** no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- **MVMC Moncaio, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga:** 166 ha
- **MVMC Serra de Moncais, Serra de Parte e O Cornado:** 117 ha.
- **MVMC Serra de Moncaio:** 61 ha
- **MVMC San Roque e Cornao:** 51 ha

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.  
Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal







Monte: Moncao, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga 64/76  
Pertenza: Veciños da p. de Reigada  
Concello: Monforte de Lemos  
Superficie previa: 164 ha  
Superficie posterior: 166 ha

Plano de:  
Deslinde por avinza entre o monte veciñal en man común "Moncao, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga" (exp. 64/76) e os montes "Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000), "San Roque e Cornao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncao" (exp. 14/99)

Monte: Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado 12/2000  
Pertenza: Veciños da p. da Parte  
Concello: Monforte de Lemos  
Superficie previa: 118 ha  
Superficie posterior: 117 ha

Plano de:  
Deslinde por avinza entre o monte veciñal en man común "Moncao, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga" (exp. 64/76) e os montes "Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000), "San Roque e Cornao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncao" (exp. 14/99)

Monte: San Roque e Cornao 2/2001  
Pertenza: Veciños da p. de Ribas Altas  
Concello: Monforte de Lemos  
Superficie previa: 50 ha  
Superficie posterior: 51 ha

Plano de:  
Deslinde por avinza entre o monte veciñal en man común "Moncao, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga" (exp. 64/76) e os montes "Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000), "San Roque e Cornao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncao" (exp. 14/99)

Monte: Serra do Moncao 14/99  
Pertenza: Veciños da p. de Fornelas  
Concello: A Pobra de Brollón  
Superficie previa: 62 ha  
Superficie posterior: 61 ha

Plano de:  
Deslinde por avinza entre o monte veciñal en man común "Moncao, Rego Serra Pequena, Cornado, Pedrouzo e Veiga" (exp. 64/76) e os montes "Serra de Moncais, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000), "San Roque e Cornao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncao" (exp. 14/99)

Escala: 1:18.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDAMENTO

Visto e prace  
O xefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía  
Lugo, 7 de novembro de 2023

64/76 Reigada\_post

12/2000 Parte\_post

14/99 Fornelas\_post

2/2001 Ribas Altas\_post

Manuel González Fernández

Sonia Villaverde Vieites

Carpetas 2022\_217

ETRS89-UTM 29N



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

**CERTIFICO:**

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.12.2023**, figura o seguinte acordo:

**MVMC Serra de Moncáis, Serra de Parte e O Cornado** (exp. 12/2000), pertencente aos veciños da parroquia da Parte (Monforte de Lemos); **MVMC Serra de Moncaio** (exp. 14/99), pertencente aos veciños da parroquia de Fornelas (A Pobra do Brollón); **MVMC San Roque e Cornao** (exp. 2/2001), pertencente aos veciños da parroquia de Ribasaltas (Monforte de Lemos).

O 29.9.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre a comunidade da Parte coa de Fornelas e Ribasaltas, en canto ás liñas divisorias que separan os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas.

O 8.11.2023, o Servizo de Montes emitiu un informe (**2022\_243**) no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

- **MVMC Serra de Moncáis, Serra de Parte e O Cornado:** 119 ha.
- **MVMC Serra de Moncaio:** 60 ha
- **MVMC San Roque e Cornao:** 50 ha

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, **ACORDA** aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado. Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal






Asinado por: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MANUEL  
Cargo: Xefe Servizo  
Data e hora: 08/11/2023 17:38:20  
Motivo: Visto e prace

Asinado por: VILLAVERDE VIEITES, SONIA  
Cargo: Xefe Sección Topografía  
Data e hora: 08/11/2023 17:23:05

CVE: 3Kln0chlgYp0  
Verificación: https://sede.xunta.gal/ove



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Xefatura Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

Plano de:

Deslindamento por avinza entre o monte veciñal en man común "Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado" (exp. 12/2000) e os montes "San Roque e Cornao" (exp. 2/2001) e "Serra do Moncáo" (exp. 14/99)

Carpeta 2022\_243

|                                                             |                                        |                                     |
|-------------------------------------------------------------|----------------------------------------|-------------------------------------|
| Monte: Serra de Moncáis, Serra da Parte e O Cornado 12/2000 | Monte: San Roque e Cornao 2/2001       | Monte: Serra do Moncáo 14/99        |
| Pertenza: Veciños da p. da Parte                            | Pertenza: Veciños da p. de Ribas Altas | Pertenza: Veciños da p. de Fornelas |
| Concello: Monforte de Lemos                                 | Concello: Monforte de Lemos            | Concello: A Pobra de Brollón        |
| Superficie previa: 117 ha                                   | Superficie previa: 51 ha               | Superficie previa: 61 ha            |
| Superficie posterior: 119 ha                                | Superficie posterior: 50 ha            | Superficie posterior: 60 ha         |

Escala: 1:18.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR

AO DESLINDAMENTO

Visto e prace

O xefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía

Lugo, 7 de novembro de 2023

12/2000 Parte\_post

2/2001 Ribas Altas\_post

14/99 Fornelas\_post

Manuel González Fernández

Sonia Villaverde Vieites

ETRS89-UTM 29N





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **23.6.2025**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

**MVMC San Roque e Cornao**, pertencente aos veciños de Ribas Altas, no concello de **Monforte de Lemos**. Expediente Monforte/2\_2001.

O 21.4.2025 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Ribas Altas para que se proceda á revisión de esbozo do seu monte veciñal conforme a proposta que achegan. Procedemento con número de expediente **2025\_20RE**.

O día 28.5.2025, o Servizo de Montes elaborou unha proposta, na que se recolle a definición do novo esbozo revisado. De acordo, coa cartografía resultante, a superficie do monte de **San Roque e Cornao** pasa a ser de **57,94 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.


Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado  
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace  
A presidenta do xurado  
M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal









CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Departamento Territorial de Lugo  
Servizo de Montes

|                                                                                                                     |                                                                    |                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------|
| Plano de:<br><b>Revisión de esbozo do MVMC San Roque e Cornao (exp. 2/2001)</b><br><small>Carpeta 2025_20RE</small> | Monte:<br>Pertenza:<br>Concello:<br>Sup. previa:<br>Sup. revisada: | MVMC San Roque e Cornao<br>CMVMC Ribas Altas<br>Monforte de Lemos<br>50 ha<br>57,94 ha |
| Escala: 1:5.000                                                                                                     | PLANO 2: MONTE REVISADO                                            | Visto e prace<br>O xefe do Servizo de Montes                                           |
| 2/2001 San Roque e Cornao _revisado                                                                                 |                                                                    | Manuel González Fernández                                                              |
|                                                                                                                     |                                                                    | Sonia Villaverde Vieites                                                               |

A enxeñeira técnica en topografía  
Lugo, 20 de maio de 2025

«PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España»